

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE XANEIRO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Carmen Tato Lago e dona M^a Ángeles Míguez Mouzo, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Faise constar que don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE, incorpórase á sesión trala súa toma de posesión como concelleiro do Concello de Cambre, unha vez xa foi tratado o primeiro punto da orde do día.

Non asisten, con escusa, dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE, don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2009, sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2009, sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 31 de decembro de 2009, e sesión extraordinaria do día 12 de xaneiro de 2010

A secretaria da corporación fai constar que tiña quedado sobre a mesa, pendente de comprobar a gravación do pleno, a aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2009, xa que, na sesión que tivo lugar o día 21 de decembro de 2009, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifestou que no segundo

parágrafo da páxina 56 da acta correspondente á sesión ordinaria do mes de outubro, onde dicía: “... *é un puro empregado da administración pública...*” debía dicir: “... *é un pluriempregado da administración pública...*”. Unha vez comprobada a gravación, a secretaria informa que, efectivamente, así o dixo.

Non se formulan máis alegacións, polo que, por unanimidade dos dezasete concelleiros integrantes da corporación que neste momento están presentes (4 do PSdeG-PSOE, 7 do PP, 4 do BNG, 1 de EU-IU e 1 do PG), acordouse aprobar as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2009, coa modificación efectuada, sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2009, sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 31 de decembro de 2009, e sesión extraordinaria do día 12 de xaneiro de 2010.

2º Toma de posesión como concelleiro do Concello de Cambre de don José Francisco Parceró Rial, polo PSdeG-PSOE

A secretaria da corporación informa de que para adquirir a condición plena de concelleiro esíxense unha serie de requisitos. Un deles é presentar na Secretaría xeral a credencial expedida pola Xunta Electoral, outro cubrir a declaración de bens, incompatibilidades e actividades para a súa inscrición no Rexistro de Intereses, e, finalmente, prestar xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

Continúa dicindo que a credencial rexistrouse de entrada no Concello de Cambre o día 21 de xaneiro de 2010, co núm. 662, e que don José Francisco Parceró Rial presentou o venres día 22 de xaneiro, as declaracións de bens, incompatibilidades e actividades, así como fotocopia da súa declaración da renda. Polo tanto, di que o único que queda é prestar xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

A continuación, co fin de cumprir o requisito legal de prestar xuramento ou promesa, segundo dispón o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, de 29 de xuño, don José Francisco Parceró Rial presta xuramento coa fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, e promete pola súa conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O Sr. alcalde dálle os parabéns ao novo compañeiro que pasa a formar parte da corporación, deséxalle éxitos, como a todos, e pídelle que por riba de todo haxa lealdade e compañerismo, para que así se poidan levar a bo termo as xestións do concello.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que dende o grupo municipal popular quere darlle a benvida ao novo concelleiro e desexarlle sorte.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que tamén dende o BNG lle mandan o mesmo desexo.

Concedida a palabra a don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que tamén dende o seu grupo lle dan a benvida e lle desexan que teña moita sorte.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén el lle dá a benvida dende o PG e lle desexa sorte.

3º Aprobación, se procede, da revisión de tarifas do servizo urbano de transporte en auto-taxi do Concello de Cambre

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes de data 26 de xaneiro de 2010.

A corporación, por unanimidade dos dezoito concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Informar favorablemente a revisión das tarifas de auto-taxis de Cambre para o ano 2010, cos seguintes resultados, IVE do 7% incluído:

Tarifa diurna (aplicable os días laborais dende as 06,00 horas ata as 22:00 horas e os sábados dende as 06:00 ata as 16:00 horas).

- Baixada de bandeira	1,42 euros
- Quilómetro percorrido	1,02 euros
- Hora de espera	17,09 euros
- Contía mínima	3,25 euros

Tarifa nocturna (aplicable en días laborais dende as 22:00 horas ata as 6:00 horas, os sábados dende as 16:00 horas, domingos, festivos, así como os días 24 e 31 de decembro as 24 horas).

- Baixada de bandeira	1,64 euros
- Quilómetro percorrido	1,26 euros
- Hora de espera	21,29 euros
- Contía mínima	3,98 euros

Suplementos

- Por servizos con saída ao aeroporto de Alvedro (inclúe ocupación do maiteiro)	3,40 euros
---	------------

Segundo: Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que durante o prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da publicación, poidan presentarse cantas alegacións se estimen oportunas, atopándose o expediente a disposición dos interesados, no primeiro andar do concello, servizo de auto-taxis.

Terceiro: No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas e remitirase o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, solicitando o correspondente informe favorable para a súa posterior aprobación pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria.

4º Proposta de nomeamento de membros da Comisión para o deslinde cos concellos de Carral e Culleredo

Vista a proposta de Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes de data 26 de xaneiro actual.

A corporación, por unanimidade dos dezoito concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: A Comisión de derrega e marcaxe cos termos municipais de Carral e Culleredo estará constituída polos seguintes membros:

Presidente: O Sr. alcalde, don Antonio Varela Saavedra, ou concelleiro en quen delegue

Polo grupo municipal do PP: Don Nicolás José Cubeiro Martínez, titular
Don Santiago Manuel Ríos Rama, suplente

Polo grupo municipal do BNG: Don Antón Otero Domínguez, titular
Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, suplente

Polo grupo municipal de EU-IU: Don Luis Miguel Taibo Casás, titular
Don Juan Antonio Fernández López, suplente

Polo grupo municipal do GM(PG): Don Manuel Marante Gómez

Concelleira non adscrita: Dona M^a Beatriz Ramos Padín

Arquitecto municipal: Don Agustín Barca Cotelo

Secretaria da corporación: Dona M^a Luisa de la Red Ampudia

Segundo: Notifíquese ao Concello de Carral solicitando a designación da Comisión de derrega, así como ao Concello de Culleredo, para os efectos oportunos.

5º Mocións

O Sr. alcalde di que a continuación van votar a urxencia da moción presentada polo BNG.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que antes de votar a urxencia, ao seu grupo gustaríalle saber cal é a opinión da secretaria respecto desta moción, porque, como ben se dixo nun dos últimos plenos, non se poden aceptar como mocións aquelas que falen de competencias resolutivas do pleno, e parécelle que falar de retirar o borrador dun novo decreto non é competencia deste pleno.

A secretaria da corporación explica que no informe que lles entregou aos concelleiros o que dixo claramente foi que, ata agora, no Concello de Cambre, estábase seguindo un criterio que tamén teñen na maior parte dos concellos, que é tratar como mocións algo que son rogos.

Di que a diferenza entre rogo e moción é, primeiro, que para poder tratar a moción hai que sometela a declaración de urxencia, despois débátese e despois vótase. En canto ao rogo, simplemente o Sr. alcalde, ou o equipo de goberno, o acepta ou o rexeita, e non se vota. O que si ten é debate, iso é igual que coas mocións, pero o equipo de goberno simplemente rexeita ou acepta o rogo. Di que esa é a diferenza.

Continúa dicindo que, segundo explicaba no seu informe, unha moción ten dúas acepcións. Unha refírese a aqueles asuntos que son da competencia do pleno e que como tales se traen a este órgano, se declaran de urxencia e non van incluídos na orde do día. Son asuntos que non van incluídos na orde do día e son materias da competencia do pleno.

Di que o outro tipo de mocións son aquelas que son de fiscalización e de control do equipo de goberno, ou para tratar de asuntos de interese xeral, que interesan en xeral ao municipio. Esas mocións van noutro punto, non necesitan que se declare a súa urxencia, pero teñen que ter sido presentadas con oito días de antelación antes do pleno, para que se inclúan na orde do día, ou sexa, inclúense na orde do día e trátanse.

Segue dicindo que o Sr. alcalde, ata agora, o criterio que tivo, e que como dixo é o que se vén mantendo na maior parte dos concellos, é o de tratar rogos como se fosen mocións. Di que se o Sr. alcalde quere seguir mantendo ese criterio non pasa nada, pero que outra cousa é que se queira tratar como moción, ou como rogo, un tema que é competencia doutro órgano municipal, sexa do Sr. alcalde, sexa dun concelleiro

delegado, ou sexa da Xunta de Goberno Local. Iso si sería un acordo nulo de pleno dereito.

Continúa dicindo que, neste caso, non van adoptar un acordo nulo de pleno dereito. Ela pensa que é un tema que o Sr. alcalde podería tratar como un rogo, ou que pode tamén tratalo como unha moción, non pasaría nada, porque non se están establecendo unha serie de dereitos nin obrigas a ningún cidadán, senón que se trata de pedir unha cousa.

Conclúe dicindo que, neste caso concreto, poderíase simplemente facer unha exposición e logo un rogo ao equipo de goberno para que inste á Xunta de Galicia a retirar o decreto, debatiríase, aceptaría polo Sr. alcalde e nada máis. Logo mandaríase a correspondente comunicación á Consellería, nada máis.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre pregunta exactamente cal é a diferenza entre instar á Xunta de Galicia e instar ao Sr. alcalde, porque na moción do PP dicía instar ao Sr. alcalde.

A secretaria da corporación contesta que cre que o que aínda non teñen claro é que coa votación, que é a diferenza entre un rogo e unha moción, o equipo de goberno estaba naquel momento acordando instar ao Sr. alcalde a que dimitira. Estaban obrigando ao Sr. alcalde a facer algo que a corporación non pode obrigarlle a facer. O Sr. alcalde se quere dimite, ou a corporación presenta unha moción de censura, esas son as dúas alternativas.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que na moción presentada polo BNG fálase de instar á Xunta de Galicia a retirar o borrador, e non vé a diferenza.

A secretaria da corporación di que é criterio do Sr. alcalde.

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que el entende que é de interese xeral falar do Decreto do galego en Galicia. Cre que é un tema importante, e por iso entende que isto debe ser unha moción. Respecta o que o PP diga, pero el entende que é moi interesante defender o idioma galego aquí. Así o entende e por iso pide que se vote a declaración de urxencia e se pase a dar lectura á moción.

O Sr. alcalde pide orde a unha das asistentes que se atopa entre o público.

A continuación, fóra da orde do día, lévase a cabo a votación da declaración de urxencia da moción. Votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro presente de EU-IU, votan en contra os sete concelleiros do PP, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A Sra. secretaria informa que para que se declare a urxencia dunha moción é necesario que se aprobe por maioría absoluta, e que, dado que non se acadou esa maioría, non se pode tratar.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que lle parece lamentable que non se considere urxente tratar este tema, con independencia da posición que teña cada quen á hora da votación, e que, en todo caso, como sempre e como en todo, alá cada quen coas súas responsabilidades na toma das súas decisións.

Continúa dicindo que se non se acada a maioría absoluta requirida de once votos, o seu grupo vai presentar a moción como rogo, aínda que non sabe se é agora o momento de facelo ou se é na quenda correspondente, pero que, dende logo, si a van ler.

Conclúe dicindo que, polo que se refire ao goberno municipal, vanse dirixir á Xunta para instar a que retiren unha medida que lles parece totalmente contraproducente para a lingua galega.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que se está a dicir que este tema é de interese público, e el ten que preguntar, entón, se a moción que presentou o PP non o era.

O Sr. alcalde dille que están a falar da moción do BNG.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que están a falar das mocións, e que sempre pasa igual.

O Sr. alcalde dille que non está no uso da palabra. Engade que non se aprobou a urxencia da moción e que, polo tanto, non se vai ler neste punto, e que se o grupo do BNG quere lela logo, como rogo, que a lea.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o seu grupo si que ten que soportar alusións, e que teñen dereito a replicar. En todo caso di que isto é unha mostra máis de como funciona o concello.

Ante as peticións do Sr. alcalde, don Nicolás José Cubeiro Martínez conclúe dicindo que non ten inconveniente en calarse, porque se sabe todo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el pensa que debe haber un erro, porque para tratar unha moción necesítase maioría absoluta, e que se houbo máis votos a prol é que hai esa maioría, porque el entende que están falando da maioría dos concelleiros que asisten ao pleno.

A Sra. secretaria explica que non, que a maioría absoluta é do número total de membros da corporación, é dicir, dos 21 concelleiros.

Ante a insistencia do voceiro do GM (PG) a secretaria explica que como se trata dun asunto que non vai metido na orde do día do pleno, para poder tratalo requírese a maioría absoluta, referida ao número de concelleiros que compoñen a corporación, non aos concelleiros presentes.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que, tras pensalo durante o tempo que duraron as intervencións, o que van solicitar, despois de escoitar á Sra. secretaria, é que se inclúa este punto na orde do día do pleno que terá lugar moi pronto para tratar outros asuntos, o vindeiro martes.

6º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 16463 o día 3 de decembro de 2009, procedente do Concello de Culleredo, ao que se achega certificación do acordo adoptado polo pleno da corporación, na sesión de data 24/11/2009, relativo ao nomeamento de membros das comisións de deslinde, quedando integrada a Comisión de Cambre polos seguintes membros:

Presidente: D. Julio Sacristán de Diego	Alcalde de Culleredo
D. Ricardo Seoane Candamio	Concelleiro de Culleredo
D. Isidro Taibo Gago	Concelleiro de Culleredo
D. José Ramón Rioboo Castro	Concelleiro de Culleredo
D. Ricardo Pérez Rodríguez	Arquitecto municipal
Secretario do Concello de Culleredo	

En representación dos veciños:
D. Francisco Javier López Candal
D. Sergio Patiño Naya

- Do escrito procedente do Presidente da Xunta, don Alberto Núñez Feijóo, rexistrado de entrada ao núm. 17330, o día 18 de decembro de 2009, no que agradece o envío do acordo adoptado polo pleno do Concello de Cambre, en sesión de data 29 de outubro de 2009, relativo á moción sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, e no que comunica o seu traslado á Secretaría Xeral da Igualdade, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

- Do escrito procedente do Presidente da Xunta, don Alberto Núñez Feijóo, rexistrado de entrada ao núm. 845 o día 25 de xaneiro de 2010, no que agradece o envío do acordo

adoptado polo pleno do Concello de Cambre, en sesión de data 29 de outubro de 2009, relativo á subida de impostos prevista polo Goberno, e comunica o seu traslado á Consellería de Facenda, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

7º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 796 o día 23 de xaneiro de 2010, xunto coas preguntas.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que, dadas as circunstancias por todos coñecidas que motivaron a ausencia hoxe do seu compañeiro e voceiro do grupo municipal de EU-IU, don Luis Miguel Taibo Casás, e tras telo falado con el, decidiron deixar sobre a mesa os rogos e preguntas que tiñan presentados para este pleno, co fin de que sexan tratados noutra ocasión.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 847 o día 25 de xaneiro de 2010.

1º Rogo se informe en que estado se atopa o expediente para a contratación do PXOM de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que na Xunta de Voceiros da pasada semana, á cal o Sr. Marante non puido acudir porque estaba con gripe, presentouse o prego de prescricións. Dille ao Sr. concelleiro que ten unha copia arriba para que a recolla cando queira e dille que acordaron ter unha semana ou dez días para lelo, e comezar xa coa tramitación para a contratación.

2º Rogo se informe de por que non se ten arranxado na rúa Polígono do Temple, concretamente na beirarrúa máis ancha, unha fochanca que se produciu no mes de novembro pasado.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), aclara que esa fochanca estivo así varios días cando se produciu, e que logo baixaron os veciños para protexela cunhas ramas, para non caer nela. Di que agora está cuns valos, pero que segue sen arranxar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que tardaron uns días en avisar, pero que en canto recibiron o aviso foi alí a brigada para protexela. Di que se produciu por un camión que afundiou unha tapa dunha arqueta de Fenosa. Segundo lle informaron iso xa está arranxado, non sabe se tardou pouco máis ou menos, pero dixéronlle que xa estaba arranxado.

Don Manuel Marante Gómez di que será así se o arranxaron hoxe pola mañá, porque onte non estaba arranxado.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non sabe se é que está falando doutra, porque, efectivamente, había unha porque se metera un camión naquela beirarrúa, e reventou unha arqueta de Fenosa, pero iso xa se arranxou. Se ten un valo non sabe se iso será porque aínda están protexendo a zona, ou se é porque non o retiraron, pero a el informáronlle que iso está arranxado.

Conclúe dicindo que, non obstante, ante a dúbida, mañá pola mañá irá comprobar se é que existe unha nova fochanca.

3º Rogo se informe por que motivos non poden os veciños de distintas parroquias, usar as redes de sumidoiros instaladas fai xa anos, por distintas administracións.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que pensa que é coñecido por todos, porque non é a primeira vez que tratan estes temas. Di que fundamentalmente hai tres razóns que viñeron aquí durante esta lexislatura moitas veces, e que algunhas están encamiñadas e outras sen arranxar.

Hai unha parte delas que agardan que en poucos meses estean rematadas, de aquí ao mes de xullo, e refírese ás do contrato que rescindiron coa empresa que abandonou do POS 2007. Xa está feita a nova adxudicación, a través da mesa de contratación, e agardan que neste prazo de tres meses estean listas.

Segue dicindo que, non obstante, esas non son todas. Hai dous grupos de obras, unhas do POL, contratadas pola Deputación, e outras de distintos plans da Xunta de Galicia, contratadas pola Xunta, e que no momento de recibilas, os técnicos municipais e a empresa concesionaria, detectaron unha serie de deficiencias, algunhas de carácter importante, de carácter grave, aínda que as dunha empresa en concreto son de carácter leve. En todo caso, como iso funciona en rede, funciona en liña, tampouco lles vale de moito recibir un tramo se non poden enganchar o seguinte. Di que están nese asunto, que se leva insistindo por escrito e con distintos contactos.

Continúa dicindo que, a pasada semana, cre que foi o día 22, produciuse unha reunión cunha das empresas que agrupa unha cantidade importante de obra feita, pero que ten deficiencias, para aclarar persoalmente todo o que por escrito se lles enviara. Agardan que sirva para algo, pero, en todo caso, xa o teñen dito máis veces, o Concello de Cambre ten que recibir as obras ben rematadas para poñelas en funcionamento e para que iso non lles supoña un sobrecusto aos veciños.

Sinala que, en terceiro lugar, está un tema que se fixo dende o concello, que promove o propio concello, que son os caudalímetros nas redes que afectan e que baixan dende

Anceis e que collen parte de Sigrás. Di que levan como dous meses e medio, se non son tres xa, en trámites con Unión Fenosa para que se legalice a instalación, lles dean número de usuario e poidan empezar a funcionar definitivamente. Di que sobre este tema comentaron xa algo o outro día, non sabe se foi na Comisión ou na Xunta de Voceiros, e esa é a situación na que están.

Conclúe dicindo que se está presionando por diferentes vías, a través de contactos, e que están pendentes de que unha persoa de Fenosa veña aquí, porque non só teñen o problema cos caudalímetros, senón tamén con outras instalacións para dalas de alta. Agardan poder solucionalo en breve espazo de tempo.

Don Manuel Marante Gómez di que seguramente no pleno do mes que vén volverá facer a mesma pregunta, porque sempre lle contestan o mesmo, e seguirá facéndoa ata aburrir, ou ata aburrirse el mesmo, e case vai ser máis seguro que lle ocorra iso.

Di que no tema dos caudalímetros primeiro eran problemas porque non había orzamento, logo tiña que facelo unha empresa determinada, e agora é Fenosa. Di que habería que presionar algo a Fenosa porque, efectivamente, pode que sexa certo que non lles dean en dous meses o enganche para eses caudalímetros, porque tamén é certo que levan algún ano xa para rematar onde houbo a explosión no Paseo Marítimo do Temple, e para que rematen as beirarrúas e as deixen como deberían deixarse cando acabou a obra, onde botou cemento. Di que Fenosa está facendo con Cambre o que lle dá exactamente a gana.

Continúa dicindo que, en canto ao problema da rede de sumidoiros de Anceis, San Lourenzo e Piñeiro, onde houbo que rescindirille o contrato á empresa, vale, está aí e está tramitándose, iso parécelle correcto, pero todas as outras redes que fixo por exemplo, a Xunta en Seoane, en Anceis, onde está o tema do bombeo, que non era necesario facelo, pero que polo que sexa se fixo, alí está, e os veciños xa lle chaman a central nuclear, porque iso parece unha broma.

Segue dicindo que igual pasa en Bribes, en Cecebre, etc., e que se todas esas redes de sumidoiros que fixo a Xunta están con deficiencias, non sabe que é o que pasa, pero que hai unha responsabilidade de alguén, non sabe se da Xunta, do concello ou de quen, pero o que si está claro é que cando se fai unha obra, faise para que se remate, e legalmente, cando se remata, teñen que usala os veciños, usala para o fin que foi feita.

Di que cada vez que pregunta, e xa está cansado de preguntar isto tantas veces, díselo o mesmo, que teñen deficiencias e que están á espera de que as solucionen para que lles entreguen. Sempre están con deficiencias e non se solucionan, e pregunta se, entón, o que se fixo foi enterrar os cartos e acabar co tema.

Conclúe dicindo que el seguirá insistindo nos próximos plenos nas mesmas preguntas, nos mesmos rogos, porque non lle merece a pena facer outros distintos, porque total é igual, tando dá facelos como estar calado.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que cre que o Sr. Marante está no seu dereito, e sobre todo na súa obriga de facer iso, igual que eles están no seu dereito e na súa obriga de facer outras cousas.

Di que a responsabilidade, neste caso, das obras que están falando, el cre que o Sr. Marante sabe perfectamente de quen é, e é de quen as promove e de quen as executa, e dende logo do que si sería responsable o concello é de recibir obras en contra dos informes dos técnicos cualificados que están ao servizo da organización municipal, precisamente para velar pola calidade desas cousas.

El cre que sería unha irresponsabilidade facelo, non o poden facer así porque para iso están eles, non é un capricho político de ninguén, porque o que lles gustaría a todos os que están aquí é poñelos en marcha mañá mesmo, pero di que haberá que facelo con sentido.

A continuación, o Sr. alcalde di que van a pasar a ler as preguntas presentadas polo PP, aínda que sexan seis e o límite son tres.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, agradece o detalle do Sr. alcalde, aínda que el tiña previsto que non llelo deixase facer, e traía actas de plenos onde outros partidos si leron máis de tres preguntas. En todo caso, di que agradece que sen necesidade diso llelas deixen ler.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 786 o día 22 de xaneiro de 2010.

1ª Ante a grave situación de crise económica que atravesamos España e que tamén afecta a Cambre, que proxectos ten pensado desenvolver a nova concelleira de Promoción Económica e Emprego?

O Sr. alcalde contesta que dentro duns días fará a resolución de Alcaldía, e a partir de aí, no vindeiro pleno, o PP poderá facer esta pregunta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta se despois da toma de posesión que foi xa fai case dous meses, non teñen decidido nada.

O Sr. alcalde di que hoxe mesmo tomou posesión un novo compañeiro, e agarda que dentro duns días quede repartido todo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que cre que o novo compañeiro vai ser concelleiro de accesibilidade, e que lles terán que explicar de que se trata iso. En todo caso, el insiste en que, na grave situación na que se atopan, non hai ningún proxecto.

O Sr. alcalde contesta que algún hai, que xa verá como si.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que el a conclusión que saca é que non hai resposta porque non hai proxecto.

2ª Os orzamentos municipais tiñan que terse aprobado fai un mes, cando ten previsto o novo concelleiro de Facenda presentar o borrador de orzamentos para o presente ano?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, como se acaba de dicir, aínda non é o novo concelleiro de Facenda, pero que o que está previsto é que no próximo pleno do mes de febreiro estean os orzamentos listos e que se poidan presentar para aprobación.

O Sr. alcalde avisa a unha das señoras asistentes do público que a próxima vez que interrompa a sesión verase obrigado a botala fóra. Dille que está avisada, que por educación non o fai agora, pero que a próxima vez farao, e que lle molestaría ter que facelo.

Don Jaime Manuel López Lisnier continúa dicindo que as previsións que teñen é que para o próximo pleno poidan estar presentados os orzamentos aos voceiros dos partidos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, di que a lei está para respectala, e a lei di que os orzamentos teñen que estar presentados para a súa aprobación inicial, antes do 15 de outubro, que xa pasou, e teñen que estar aprobados definitivamente antes do 31 de decembro. Iso sería o normal, pero o habitual en Cambre é que se aproben en xullo, ou en agosto, cando xa pasou bastante tempo. Di que os orzamentos constitúen unha expresión cifrada, conxunta e sistemática dos dereitos e obrigas do concello, nos que tamén se di o máximo que poderá ser liquidado polo concello durante un ano. Se os orzamentos de Cambre se aproban en agosto, esa é a explicación, unha delas, de por que este concello non funciona.

Pregunta como vai funcionar un concello que aproba os seus orzamentos no mes de agosto, cando xa pasaron oito meses. Di que pasaron oito meses nos que se vai funcionando con desidia, iso si, pero vaise funcionando porque isto é unha roda que xira e que afortunadamente é imparabile.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Cubeiro que a pregunta xa está contestada.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se, entón, no pode falar, e que se quere que as preguntas as manda por correo electrónico e que lle contesten por fax. Di que el pensa que ten dereito a falar, que por algo é concelleiro do PP de Cambre, e cre que ten dereito, que no Regulamento orgánico municipal se fala de quendas de cinco minutos, e o único que supera iso é o compañeiro de goberno do Sr. alcalde, o Sr. Iglesias, porque di que a el, concelleiro do PP, sempre lle curtan.

Continúa dicindo que, nestes momentos, se o Sr. López Lisnier non é concelleiro de Facenda, entón élo o Sr. alcalde. O que pasa é que o Sr. alcalde é concelleiro de case todo. Supón que nestes meses faría algo nesa función de concelleiro de Facenda e, polo tanto, volve preguntar por que se o Sr. alcalde foi concelleiro de Facenda por tres ou catro meses, o Sr. López Lisnier, nun mes, vai ser capaz de presentar os orzamentos.

Conclúe dicindo que lle gustaría que lles dixesen algo que fose verdade, non a resposta habitual de para o mes que vén.

Don Jaime Manuel López Lisnier di que non é unha cousa que sexa mentira, que os orzamentos estaban medio preparados e falando cos técnicos responsables, pensa que si poden estar presentados no mes de febreiro.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que, en meses normais, cun concelleiro de Facenda que, ademais, era profesor na universidade apróbábanse en agosto, práctica habitual nos últimos anos, e que oxalá por primeira vez se presenten no próximo mes de febreiro. Di que, de todas formas, estarán atentos.

A continuación, e antes de formular a terceira pregunta, don Nicolás José Cubeiro Martínez di que quere felicitar aos veciños que asisten aos plenos por aguantar o aburrimiento que representa que se fagan as mesmas preguntas sempre, e que as respostas sexan habitualmente as mesmas tamén.

3ª Ten pensado facer algo o goberno local para que finalicen as obras da estrada de Espíritu Santo a Fraís?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que está repetido ata a saciedade que esta estrada é da Deputación, e que a obra que está parada é unha obra promovida pola Deputación. En todo caso, como toda esa historia que vén de atrás xa a coñecen, o que lles pode comentar, que non sabe se lles interesa, é que o pasado día 22 de xaneiro mantiveron unha reunión á cal asistiron, representantes da Xunta de Galicia, en concreto de Augas de Galicia que son os que van dirixir a obra de saneamento que estaba pendente dende fai aproximadamente un ano, cuxa licitación estaba prevista para o mes de abril do ano pasado, pero que o novo goberno da Xunta paralizou e rematou de todo o procedemento o 17 de decembro. Ademais dos técnicos da Xunta, tamén asistiron o

director da obra da Deputación, encargado de dirixir o tema da estrada e das beirarrúas, e a empresa que resultou adxudicataria da obra de saneamento por parte da Xunta de Galicia. Esa obra estaba pendente e era unha das razóns polas cales se demorou.

Di que o compromiso nesa reunión foi que esa empresa iniciaría os traballos este pasado martes, o día 26, e pódelles dicir que efectivamente cumpriron co traballo, e supón que o propio concelleiro o puido comprobar, posto que o 26 xa se personaron na zona. No día de onte, día 27, xa comezaron a apertura de gabias para os cruzamentos da estrada, para podelos ter pechados antes de que pase un mes, e poder poñer a segunda capa de rodadura que é o máis urxente, e comezar tamén unha segunda fase desa estrada que son as beirarrúas que vai levar entre o polígono e o lugar de Lendoiro.

Di que esa é a situación na que están. A obra pendente está xa comezada e confían en que agora non sufra máis paralizacións.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que comezou esta pregunta felicitando aos veciños por ter paciencia de vir aquí mes tras mes a escoitar sempre o mesmo, e agora quere dirixirse a eles para preguntarlles se escoitaron o mesmo que el. Di que esta obra leva tres anos, e agora acaba de dicir o Sr. Iglesias que a Xunta de Galicia, o novo goberno do PP, que gañou as eleccións en marzo, é o responsable do atraso que paralizou as obras, a contratación, ... Pregunta como se pode dicir que unha obra que leva tres anos pendente, foi a Xunta de Galicia, do PP, a que a paralizou.

Di que tamén lles quere preguntar, xa que dixo que esa estrada era da Deputación, polo Sr. presidente da Deputación, que supón que mandará algo, e que vén con moita frecuencia a Cambre a arranxar leas do Sr. alcalde e do seu equipo de goberno. El preguntou xa varias veces, e agora volve preguntar ao Sr. alcalde, se cando vén o Sr. presidente da Deputación a Cambre, non lle pregunta por isto, pregunta se nunca se interesa, e se o fai, saber que lle contesta, porque o mes pasado o Sr. alcalde dixo que ían estar acabadas as obras este mes. Por iso dixo antes que a resposta sempre é automática, para o mes que vén, para o mes que vén.

O Sr. alcalde di que hai que ser sensatos, e que se agora ten unha demora e agora hai a oportunidade de que fagan os cruzamentos na estrada antes de botar a segunda capa, e así non ter que curtala. El pensa que merece a pena. A Deputación fixo o primeiro rego fai un mes, e el espera que agora, no mes que queda, quede cruzada a rede de sumidoiros, se lle bote un rego e a estrada non haxa que volver a curtala.

Pensa que tendo razón o Sr. concelleiro do PP pola demora que levan, polo menos merece a pena poder deixala lista dunha vez por todas.

4ª Cal é o motivo de que a escola de música non estea aínda finalizada? Ten constancia o equipo de goberno de que se teña cometido algunha irregularidade na execución das obras? Cando estarán efectivamente finalizadas as obras?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non hai irregularidades, senón que o que hai é mala execución do traballo, e por iso non están recepcionadas e entregadas. Di que hai unha serie de informes, que el ten contacto directo con este tema dende o mes de agosto, e está todo documentado. Di que hai un último informe da pasada semana, a instancia súa e da concelleira de Cultura, co aparelador municipal e co arquitecto director da obra. É un informe resumo no que se aclara todo o proceso que se levou a cabo nos últimos meses. Está todo documentado por escrito, e faise unha proposta de rescisión do contrato con esta empresa, por mala execución e por non atender aos múltiples requirimentos que se lles teñen enviado para que acaben en tempo e forma cos traballos que teñen encomendados.

Di que esa é a situación na que está hoxe, e vaise proceder a que o Departamento de Contratación faga a valoración xurídica e administrativa para iniciar o procedemento de rescisión do contrato con esa empresa, con todas as consecuencias que poidan derivar.

Di que este será o terceiro caso que se inicie no último período de cinco meses. Refírese ao caso de Indeza, que se tivo que mandar ao Consello Consultivo e no que xa acadaron volver a adxudicar a obra, agardando que esta vez si a poidan rematar, pero que tamén se fixo coa obra de herba artificial no campo de Lendoiro, na Barcala, que houbo que facer unha substitución da empresa, precisamente pola falta de acordo, e por incumprimento do contrato que asinaron.

Conclúe dicindo que o van facer, porque o que non pode ser é que pase máis e máis tempo, e non poder gozar das cousas e que, dende logo, non están dispostos a recibilas sen estar executadas coa calidade que o proxecto marca.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, di que lle gustaría obter copia dos informes dos que falou o Sr. Iglesias.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non hai ningún problema.

5ª Cal é o estado da contratación da auditoría externa que no mes de novembro se ía contratar de forma inmediata?

O Sr. alcalde contesta que, como saben, enviouse unha carta ao Colexio de Economistas pedindo información, para que fixera unha valoración dos traballos. Di que lles contestaron fai uns días dicindo que o colexio non está autorizado para facer esas valoracións e, polo tanto, o que se vai facer é buscar dous ou tres equipos de expertos

para que poidan arranxar este tema. Di que a carta do Colexio de Economistas está aí, e que se a queren ler non hai ningún problema.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que en novembro díxolles que ía ser de forma inmediata, e agora acaba de responder que “como saben”, se mandou unha carta, e dille que non é así, que non o sabían.

O Sr. alcalde di que pensa que xa saíra noutro pleno.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que el pensa que non, pero que, en calquera caso, o que ve é que a xestión que se fixo nisto foi mandar unha carta. O que tamén quere dicir é que antes se falaba de que a moción que presentou o PP sobre este tema non era unha moción, que non era de interese público, e el antes non o puido dicir, pero quere dicilo agora, a moción do BNG era de interese público e, pola contra, que se faga unha auditoría para asegurarse da transparencia, da legalidade e de que todo se fai debidamente, non o é. Pregúntalle ao Sr. alcalde que é, entón, o que é de interese público.

O Sr. alcalde responde que el ten claro que hai un informe de Secretaría e Intervención, e non vai entrar en debate. Nese informe dise o que se di, e baseándose niso el dixo o que dixo, aí está. O PP fixo a súa petición, e eles van tramitar legalmente esa auditoría, non coa présa que quixeran, pero si con toda a legalidade e con toda a claridade e transparencia que a lei lles permita.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que como ben dixo o Sr. alcalde, non van entrar no debate, e dixo o que dixo, efectivamente, e o que non dixo, tampouco o dixo.

6ª En que datas poderán gozar os veciños de cada unha das parroquias de Cambre do servizo de sumidoiros?

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que xa lles contestaron en parte, pero como de todas formas hai algún tramo que é da Deputación, e leva máis de tres anos, el volve preguntarlle ao Sr. alcalde se cando ve ao presidente da Deputación non lle pregunta pola rede de sumidoiros que non se pode usar.

Di que cando preguntan en que datas poderán gozar os veciños dese servizo, é porque non ter rede de sumidoiros é un problema, e o día que o teñan van gozar del, polo tanto pídelles que se poñan na pel da xente que non poden usar o servizo, cando xa leva feita a obra varios anos, e que pensen un pouco neles. Non sabe se é tan difícil que instalacións que están feitas, que non teñen ningún problema, e tendo en conta que neste concello gobernan en coalición, igual que na Deputación, non sabe que dificultades poden ter para falar cos seus compañeiros, pero cre que o tema o merece, e dille ao Sr. alcalde que iso si que é de interese público.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 796 o día 23 de xaneiro de 2010, xunto cos rogos.

Por petición do concelleiro de EU-IU quedan sobre a mesa para ser tratadas noutra ocasión.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia